

5.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E RECUPERACIÓN

Criterios de cualificación

1. Contidos teóricos: puntuarase de 0 a 10 as actividades de avaliación dos contidos de cultura musical, de análise de partituras, de audicións comentadas e dos contidos teóricos da linguaxe musical, sendo logo un 40% da nota final.

Avaliaranse con probas escritas xa sexan traballos ou exames.

- No caso de avaliar por traballos, estes poderán ser individuais ou por grupos e poderán contar con exposición oral.
- No caso de realización de exames contarán con preguntas tipo test e outras de redacción para a explicación dos contidos e de análise de audicións ou partituras.

As probas escritas poderán realizarse por unidades independentes, é dicir probas parciais ou xuntas probas trimestrais. No caso das probas parciais será o 20% da media entre todas as actividades de avaliación escritas do trimestre, o outro 20% será o exame trimestral. No Criterios de cualificación: 14/09/2022 19:04:49 Páxina 28 de 40 suposto caso de non haber proba trimestral, a media das probas parciais será o 40% da nota da materia.

O exame teórico poderá ser adaptado segundo os casos de necesidades educativas especiais ou atención á diversidade especificados e acordados co departamento de orientación e os informes pertinentes presentados polas familias.

2. Contidos prácticos: puntuarase de 0 a 10 as actividades de interpretación instrumental, vocal exercicios prácticos de lectura rítmica/melódica, traballo na aula e na casa, os traballos a presentar, etc sendo logo un 60% da nota final.

A parte práctica avaliarase mediante a observación sistemática con táboa de indicadores ou rúbricas.

En relación á interpretación instrumental hai que ter en conta os diferentes niveis do alumnado, polo que o profesorado facilitará no posible as medidas necesarias para aquel alumnado que o precise (dispoñibilidade horaria no recreo, adecuación das partituras ao nivel, etc.).

O aprobado da materia acádase cunha puntuación mínima de 5.

A avaliación final será o resultado da aplicación das seguintes porcentaxes dos tres trimestres:

- 1º Trimestre: 30%
- 2º Trimestre: 40%
- 3º Trimestre: 30%

Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase a nota enteira inferior, e se están por enriba

de 0.5 tenderase a nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a nota será 7; se a media é 7.7 a nota será 8.

O alumnado que non poida superar a materia coas actividades de recuperación (expostas no apartado criterios de recuperación) no período entre a 3ª avaliación e a final, realizará un exame que englobe os contidos teóricos e prácticos non superados e responda ao mesmo deseño exposto anteriormente e aos mesmos criterios de cualificación da programación.

Criterios de recuperación

O alumnado que acade unha cualificación inferior a 5 na 3ª avaliación realizará actividades de recuperación dos contidos teóricos e/ou prácticos da materia non superados.

Estas actividades corresponderán aos contidos teóricos e prácticos non superados e poderán ser de dous tipos:

1. Actividades novas deseñadas para tal fin no caso de que o alumnado realizase todas as previas ata a 3ª avaliación incluída e non as superase. O deseño destas actividades responderá aos contidos non superados e á metodoloxía aplicada.

2. Actividades repetidas das realizadas ao longo do curso con cualificación negativa ou non presentadas.

-Criterios de cualificación das actividades de recuperación dos contidos teóricos e prácticos

O profesorado informará ao alumnado das actividades de recuperación que ten que realizar para acadar unha avaliación positiva. As novas cualificacións obtidas en ditas actividades utilizaranse para recalcular as notas das avaliacións, e a correspondente á avaliación final, seguindo os criterios de cualificación establecidos na programación.

- Actividade de apoio, reforzo, ampliación e titoría

O alumnado que acade unha cualificación igual o superior a 5 na 3ª avaliación realizará actividades de apoio, reforzo e ampliación coa posibilidade de subir a súa cualificación de cara á avaliación final. Esas actividades responderán aos bloques de contidos tanto teóricos como prácticos susceptibles de mellora. Serán deseñadas seguindo as pautas anteriormente descritas en ambos bloques de contidos. O alumnado que adquirise as competencias de xeito destacado e que aínda teña capacidade de mellora, escollerá unha actividade de ampliación libre entre os bloques de contidos teóricos ou prácticos.

- Criterios de cualificación das actividades de reforzo, apoio e ampliación dos contidos teóricos e prácticos

A realización correcta destas actividades poderá engadir ata 1 punto á cualificación da avaliación final.